


1. AS ETIQUETAS DOS PRODUCTOS



- **Uso:** para qué serve
- **Instruccións:** cómo debe usarse
- **Precaucións:** medidas que deben tomarse ó usalo e qué facer en caso de accidentes
- **Composición:** que especifique cada un dos ingredientes que contén
- **Datos da empresa:** nome, enderezo e teléfono.

¡Olo ó dato!
 Antes de utilizar calquera produto químico de limpeza, disolventes, aerosois ou do laboratorio, hai que ler a etiqueta.

2. PICTOGRAMAS DAS ETIQUETAS



TÓXICOS

INFLAMABLE

EXPLOSIVO

CORROSIVO

COMBURENTE

PERIGOSO PARA O MEDIO AMBIENTE

NOCIVO OU IRRITANTE

3. O SIGNIFICADO DOS PICTOGRAMAS

.....
 Por inhalación, ingestión ou penetración a través da pel, en moi pequenas cantidades poidan provocar efectos agudos ou crónicos e incluso a morte.

.....
 Por inhalación, ingestión ou penetración a través da pel, en maiores cantidades poidan provocar efectos agudos ou crónicos e incluso a morte.

.....
 En contacto con tecidos vivos poden destruílos.

.....
 Poden inflamarse facilmente ou desprender gases extremadamente inflamables.

.....
 En contacto con substancias inflamables provócanlles a combustión.

.....
 Poden presentar un perigo inmediato ou futuro para un ou máis compoñentes do medio ambiente.

.....
 Baixo o efecto do calor ou doutras condicións producen unha rápida reacción que pode terminar en explosión.

.....
 Non corrosivos, en contacto coa pel ou mucosas provocan reacción inflamatoria.